



ACTA DO FALLO DA "XXVIII EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL -  
ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ".

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as trece horas do día vinte e tres de maio de dous mil vinte e tres, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde - Presidente do Concello de Paradela como Presidente;; D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. José Antonio Giz Paz (director de Galicia Digital) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradela) como vogais; e D. Manuel Piñeiro López, Secretario accidental do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, D. Xavier Rodríguez Barrio, D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse oitocentas setenta e nove (879) obras, das cales trescentas setenta e nove (379) obras corresponden á categoría de poesía, e catrocentas sesenta e seis (466) obras á de narrativa, e trinta e catro (34) obras, na modalidade especial do Camiño de Santiago.

A continuación o xurado procedeu a cualificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o nivel alto dos participantes.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar o primeiro premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o título "**As palabras son cinzas por soprar**". Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D<sup>a</sup>. María Soledad García Riveiro de Nigrán (Pontevedra).

- Outorgar o segundo premio de **POESÍA**, á obra presentada co título "**Os trapecios terreaís**". Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Xoan X. Piñeiro Cochón, de San Martiño de Salcedo (Pontevedra).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**:

- **Primeiro Accésit**, a obra *presentada baixo* o título "**Casa deshabitada**". Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Pedro Rielo Lamela, de Pontevedra.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada co título "**A métrica da cinza**", cuxo autor é D. Lionel Rexes Martínez, de Alfoz (Lugo).



## Concello de Paradela

As dúas mencións de honra recaeron, na obra baixo o título “**Días de confesións**”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Luis Lexandel Pita García, de CUBA, e a obra baixo o título “**Lethoeus**”, pertencendo a D<sup>a</sup>. Begoña Graña Suárez, de A Coruña.

**SEGUNDO.-** Outorgar o primeiro premio de **NARRATIVA**, á obra presentada co título “**Follas dun caderno de coiro marrón**”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D<sup>a</sup>. Concepción Fernández López, de A Coruña.

- Outorgar o segundo premio de **NARRATIVA**, á obra baixo o título “**Vamos con todo, Johnny**”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D. Gabriel Estelrich Torrens, de Barcelona.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**:

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título “**El trueque**”, compróbase que a súa autora é D<sup>a</sup>. Celia dos Santos Hernández de Ibiza.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título “**Actor de raza**”, sendo o seu autor D. Javier Vázquez Losada, de Madrid.

As dúas mencións de honra recaeron na obra baixo o título “**Mañás grises**”, cuxo autor é D. Tito Pérez Pérez, de A Coruña, e a obra baixo o título “**El fantasma de Vila Drach**”, pertencendo a D. Joaquin Pérez Ferriz de Alicante.

**TERCEIRO.-** Outorgar o premio de **MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**, á obra presentada baixo o título “**Verba enxertada**”. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a D<sup>a</sup>. Patricia Torrado Queiruga de Porto do Son (A Coruña).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**:

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título “**O esvaecido**”, compróbase que a obra pertence a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Goretti Fariña Caamaño, de Santiago de Compostela.
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título “**La música del paisaje me acompaña en el Camino de Santiago**”, sendo o seu autor D. Gerardo Santiago Medrano Barboza, de Nicaragua.

As dúas mencións de Honra recaeron na obra co título “**Recuerdos del Camino**” cuxo autor é D. Miguel Dopico Graña, de Oviedo; a obra baixo o título “**El Camino y yo**”, pertencendo a D<sup>a</sup>. Natalí Mercado Valdivieso, de Costa Rica.



## Concello de Paradela

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as catorce horas, do que eu, como Secretario accidental dou fe.

Asdo: D. José Manuel Mato Díaz

Asdo: D. Xesús Mato Mato

Asdo: D. Xulio Xiz Ramil

Asdo: José Antonio Giz Paz

Asdo: D. Ángel Fernández López

Asdo: Manuel Piñeiro López